

DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA BAREMAR

Debido a que temos máis solicitudes que prazas, é necesario baremar. Para isto, necesitamos que nos acheguen ao centro a seguinte documentación para xustificar os criterios alegados (os puntos):

- **PROXIMIDADE DO CENTRO AO DOMICILIO FAMILIAR:** Certificado do **Padrón municipal do ano 2018**. No Padrón deben aparecer todos os membros **da unidade familiar** que conviven no mesmo domicilio. A data de alta no Padrón deberá ter unha **antigüidade mínima de UN ANO** en relación ao proceso de admisión (é dicir, un ano antes do mes de marzo de 2018).
- **PROXIMIDADE DO CENTRO AO CENTRO DE TRABALLO:** no caso dos **traballadores por conta allea**, copia do contrato de traballo e certificado da empresa ou empregador onde figure a dirección (sede) da mesma; nos casos de **traballadores por conta propia**, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, as posibles modificacións posteriores e a alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social; por último, no caso dos **funcionarios**, mediante certificado expedido pola xefatura de persoal correspondente.
- **RENDA:** lembren entregar o **certificado de imputacións** aquelas persoas que non estaban obrigadas a presentar a declaración da renda no ano 2016.
- **FAMILIA NUMEROSA:** No caso de que non autorizaran a consulta automática de datos, deberán achegar Fotocopia do título oficial de familia numerosa en vigor expedido pola Consellería de Traballo e Benestar ou do Carné familiar galego expedido pola Consellería de Traballo e Benestar, ou copia da solicitude de recoñecemento ou renovación.
- **DISCAPACIDADE DO ALUMNADO, PROXENITORES, TITORES OU IRMÁNS RECOÑECIDA POLA XUNTA.** No caso das solicitudes que non autorizaran a consulta automática de datos, deberán achegar a certificación do grao de minusvalía expedida pola Consellería de traballo e Benestar ou do órgano competente doutras administracións públicas.
- **CRITERIO COMPLEMENTARIO DO CENTRO:** aos fillos/as, irmáns e sobriños de **antigos alumnos/as** do CPR Plurilingüe Alba. Os interesados terán que presentar un documento acreditativo (Libro de Escolaridade, Certificación Académica, Título de Bacharelato, ESO, etc.) que xustifique a súa estadía no centro ademais da pertinente documentación que acredite a relación familiar co solicitante. O centro verificará, mediante as actas depositadas na secretaría do mesmo, a autenticidade do solicitante.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN: do 22/03/2018 ata o 09/04/2018. Lembren que o centro estará pechado dende o 24/03/2018 ata o 02/04/2018 inclusive por Vacacións de Semana Santa.